

Museo Museo de las Peregrinaciones y de Santiago

Inventario D-943.1446/91

Clasificación Genérica Armamento

Objeto/Documento Vaíña

Materia/Soporte Bronce Marrón

Técnica Forxado

Dimensiones Altura = 2,50 cm; Anchura = 1,20 cm; Longo = 7,30 cm

Descripción Vaíña de puñal de forma alongada para inserción de arma, adaptando súa forma á fisionomía desta. Polo que presenta un corpo alongado de forma rectangular que se estreita cara o final, rematando en punta redondeada. Presenta decoración na superficie anterior do corpo con catro calados dispostos de dous en dous uns encima dos outros. Na parte posterior presenta dúas pequenas perforacións cuxa finalidade sería a de suxeición ao cinto. Debido as súas dimensións interprétase como funda para protexer e gardar un puñal.

Iconografía Superficie anterior. Corpo.: Xeométrica; Obsérvanse catro calados en forma de media lúa, dispostos de dous en dous, un enfronte do outro.

Datación 1101=1400

Uso/función Armamento

Lugar de Procedencia Fisterra (I)

Lugar Específico/Yacimiento Ermida de San Guillerme

Clasificación Razonada Esta vaíña aparece nas intervencións arqueolóxicas levadas a cabo na Ermida de San Guillerme entre os anos 2007-2008. Aparentemente non aparece vinculada ca sucesión de conflitos armados podendo ter diferentes funcionalidades, a mais probable é como a funda dun arma, probablemente un puñal. Esta considérase un accesorio secundario dun guerreiro, ou como elemento de defensa persoal para individuos non relacionados co ordo militar, podendo estar ante un obxecto de luxo e de diferenciación social, dependendo da calidade e valor do propio puñal ou mesmo da vaíña.

Todo o conxunto da ermida presenta diferentes fases cronolóxicas e de ocupación, cunha primeira etapa medieval na que funcionaría como recinto habitacional, continuando como espazo de culto e peregrinación entre os séculos XII e finais do XIV, ate o seu abandono no século XVII (Vidal Caeiro; Nodar Nodar, 2009: 40). Este enclave está directamente relacionado co camiño de Santiago. As primeiras referencias falan dunha peregrinación de tipo penitencial no século XIII, alcanzando maior auxe cara finais da Idade Media ata o século XVII, motivado polo descenso da conflictividade e inestabilidade no mar (Vidal Caeiro; Nodar Nodar, 2009: 40).

BIBLIOGRAFÍA:

VIDAL CAEIRO, L.; NODAR NODAR, C.: "Traballos arqueolóxicos na ermida de San Guillerme de Fisterra". Atlas arqueolóxico de Galicia: Comarca de Fisterra, coordinado por Eugenio Rodríguez Puentes, Alejandra Vázquez Grobas e o Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2009: 38-41.

VIDAL CAEIRO, L.: Escavación arqueolóxica e Consolidación da Ermida de San Guillerme (Fisterra, A Coruña) 2ª Fase. Memoria técnica final, Xunta de Galicia, 2010.

Forma de Ingreso

Depósito

Fuente de Ingreso

Xunta de Galicia

Catalogación

del Rio Canedo, Verónica; Lois Peón, Yolanda; Riveiro Rivera, David



MUSEO
PEREGRINO
E DE COMPOSTELA



MUSEO
PEREGRIN
E DE C



MUSEO
PEREGRIN
E DE C



MUSEO
PEREGRIN
E DE C